



AXUDAS INDIVIDUAIS PARA USO DE TAXI COMO MEDIO

ALTERNATIVO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE

MOBILIDADE OU QUE PRESENTEN LIMITACIÓNS PARA O USO DE

TRANSPORTE COLECTIVO.



Axudas económicas, de carácter individual, que concede o concello de Santiago de Compostela, a persoas que a causa da súa discapacidade, enfermidade crónica, tratamento que reciben ou idade, teñan dificultades para o uso do transporte colectivo.



# QUE SON?



## QUEN PODE SER PERSOA BENEFICIARIA DESTAS AXUDAS?



**Persoas con discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade**, que lles dificulta o uso do transporte colectivo e que residan en calquera zona do municipio.



**Persoas con discapacidade visual**, cun grao de limitación igual ou superior ao 75 %, que residan en calquera zona do municipio.



**Persoas sometidas a tratamentos periódicos en centros hospitalarios da cidade**, que acrediten dificultades para conducir e para o uso de transporte público, que residan en calquera zona do municipio.



**Persoas con calquera grao de discapacidade que residan en zonas rurais do municipio**, pola menos frecuencia de liñas de transporte público.



**Persoas afectadas por calquera doenza que lles impida conducir e que residan en zonas rurais do municipio.**



**Persoas maiores residentes no contorno rural deste concello.**



# Requisitos para ter dereito a estas axudas:

**1. Estar empadroados en Santiago de Compostela e pertencer a algún dos colectivos poboacionais sinalados anteriormente.**

**2. Dispor duns ingresos persoais inferiores ao 300 % do IPREM (isto é, 20.336,40 €, calculado en 12 pagas).**

**3. Que a persoa solicitante careza de vehículo adaptado ou que non poida utilizalo.**

**4. Non ser beneficiario do transporte adaptado 065 para a mesma finalidade.**

# Importes das axudas



350 €

- Ingresos persoais ata o 150 % do IPREM anual

250 €

- Ingresos persoais de mais do 150 % e ata o 250 % do IPREM anual

150 €

- Ingresos persoais de mais do 250 % e ata o 300 % do IPREM anual



# Que documentación hai que presentar?

IMPRESOS  
CORRECTAMENTE  
CUBERTOS

- Dispoñen de apoio no Departamento municipal de Servizos Sociais.



Fotocopia de DNI  
+ IBAN

Trámite sinxelo!

Acreditar  
documentalmente  
pertencer a algún  
dos colectivos

# Onde presentar a solicitude?



**SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO, REXISTRO XERAL DO CONCELLO (Rúa Presidente Salvador Allende, 2-4. Zona Galeras) ou órganos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro.**




Cando  
presentar a  
solicitud?

**Prazo de 15 días hábiles, contados dende  
o día seguinte á publicación no BOP de A**

**Coruña**






Que as persoas ás que se lle conceda esta prestación vaian gardando as facturas ou documentos que acrediten o gasto para presentar para a súa xustificación (como data máxima 29 de outubro de 2021)


**IMPORTANTE!!!!!!!**

# FINALIDADES

 **NORMALIZACIÓN:** para fomentar que todas as veciñas e veciños de Santiago de Compostela poidan acceder aos mesmos lugares que o resto da veciñanza.


 **INCLUSIÓN SOCIAL:** coa finalidade de contribuír á participación plena na cidade.

 **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:** para evitar ou compensar determinadas desvantaxes persoais e sociais.

 **VIDA INDEPENDENTE:** co fin de contribuír a que todas as veciñas e veciños poidan exercer o dereito de participar activamente na vida da comunidade.







**DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE  
SERVIZOS SOCIAIS  
Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4.  
Zona: Galeras.  
Teléfono: 981.54.24.65.**